

Resolución do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de catro prazas do corpo auxiliar (grupo D) do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, pola cal se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio.

O tribunal nomeado pola Resolución da Presidencia do 12 de febreiro de 2025 (*BOPG* número 157, do 13 de febreiro de 2025) para cualificar o proceso selectivo para a provisión de catro prazas do corpo auxiliar (grupo D) do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, convocado polo Acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2024 (*DOG* número 174, do 10 de setembro de 2024), na súa reunión do día 30 de abril acordou que **o primeiro exercicio terá lugar o luns, día 2 de xuño do ano 2025, no edificio do Museo da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela**, en chamamento único, que se iniciará ás **10.00 horas**.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro dispositivo de carácter electrónico do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

De acordo co disposto na base 6.1.1, nos vindeiros días o tribunal publicará na paxina web do Parlamento unha nota coas instrucións relativas á realización deste primeiro exercicio e as especificacións necesarias para o seu desenvolvemento

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025

A presidenta